

ALOXAMENTOS E RESTAURACIÓN

Albergue Turístico

Rúa Grupo Escolar, s/n - Bande
Tel.: (0034) 693 831 639
(0034) 696 760 910

Casa Mariña - Turismo Rural

Rúa Pombal, 65 - Bande
Tel.: (0034) 988 443 640

Restaurante María a Portuguesa

Rúa Irmáns Martínez, 28 - Bande
Tel.: (0034) 988 443 088

Casa Prado

Apartamentos Turísticos
Vilameá - Bande
Tel.: (0034) 988 443 426

Restaurante Orellas

Rúa Faustino Santalices, 28 - Bande
Tel.: (0034) 988 443 063

EVENTOS E FEIRAS

Feiras Mensuais

Días 13 e 28 de cada mes. Se o 13 coincide a domingo, pásase ao 15. Se coincide o 28, pásase ao luns.

O Entroido (Máscara do Concello de Bande: o «Troteiro»)

Festa do Peixe (Festa de Interese Turístico de Galicia)
55 días despois de Pascua

Feira-Mostra de Produtos Endóxenos

12 e 13 de agosto

Festa de San Roque

Terceiro fin de semana de agosto

Festa de San Sebastián

20 de xaneiro

Mercado do Xurés

Aberto o 1º domingo de cada mes
Rúa Campo da Feira, s/n - Bande



OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Casa do Concello de Bande
Rúa San Roque, 2 - Bande
Luns a venres, 8:30 a 14:30 h
Tel.: (0034) 988 443 001

TURISMO CULTURAL

- 1 Centro Interpret. *Aquae Querquennae-Via Nova* / conxunto arqueolóxico *Aquis Querquennis* (campamento romano, mansión e augas termais)
- 2 Igrexa de Santa Comba
- 3 Museo das iconas
- 4 Igrexa de San Pedro de Bande

TURISMO DE NATUREZA

- 5 Parque Nat. Baixa Limia-Serra do Xurés
- 6 Parque Arqueolóxico Monte Grande

ÁREAS DE DESCANSO

- 7 Alto do Vieiro
- 8 Área de lecer de Buxán
- 9 Área de lecer de Pombeira
- 10 Porto Quintela (con praia fluvial e servizos para autocaravanas)

MIRADOIROS

- 11 Miradoiro de Xordos
- 12 Refuxio de pescadores



Rúa San Roque, 2 - 32840 Bande

Tel.: (0034) 988 443 001/04

Fax: (0034) 988 443 430

concello@concellobande.com

www.concellobande.com

 Concello de Bande

Quero Bande



PARQUE NATURAL
BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS
RESERVA MUNDIAL DA BIOSFERA

O concello de Bande foi habitado dende tempos inmemoriais por distintas civilizacións que deixaron na nosa terra a pegada da súa presenza. Mámoas, petróglifos, castros e outros monumentos así o testemuñan.



Integrado na antiga rexión romana de Lusitania –que á fin do século III pasou a ser en grande parte *Provincia Gallaeciae*–, o conxunto arqueolóxico *Aquis Querquennis* situábase a medio camiño da antiga *Via Nova* que unía Braga con Astorga. Declarado BIC (Ben de Interese Cultural) no ano 2018, é accesible segundo o nivel do encoro das Conchas. O asentamento está composto por un campamento romano, unha mansión e un complexo termal, que se describen a continuación.

1. CAMPAMENTO ROMANO

O campamento romano, da cohorte III da lexión sétima xémina, foi un dos epicentros militares dende os que se activou a construción da *Via Nova* no século I da nosa era. Ata a data escaváronse e consolidáronse uns 200 m da muralla perimetral, coas súas torres sucesivas e alternantes, unha pequena parte do foxo e as súas entradas: Porta Principal esquerda, Porta *Decumana* (oeste), Porta *Praetoria* (leste) e Porta Principal dereita. Ademais, pertencen ao asentamento escavado os seguintes elementos:

- **Barracóns da tropa:** situado á esquerda consta da residencia do centurión, dez cubículos para os soldados (*contubernia*) con capacidade para oito soldados cada un –centuria de oitenta soldados– e o correspondente patio ou *impluvium* dotado de cisterna no seu punto medio.
- **Hospital (*valetudinarium*):** planta similar á das *domus* romanas, coas súas múltiples dependencias ordenadas en torno a un patio central (*peristilum*).
- **Celeiros (*horrea*):** destinados a almacenar os cereais e demais vituallas para o consumo humano e para os cabalos dos soldados de cabalería.
- **Principia:** edificio medular do campamento. Consta dun foro, unha basílica e un *aedes* (pequeno templo). Como novidade, un pórtico cuberto arredor.
- **Praetorium:** casa do pretor, máximo cargo da unidade militar.
- **Latrina,** na esquina inferior esquerda da muralla.

2. A MANSIÓN VIARIA

A mansión viaria era un pequeno hospedaxe ou posta de descanso para os viaxeiros que percorrían a *Via Nova*. Dela escavouse o que parece ser un edificio hostaleiro co seu grande patio cuberto, un forno panificador, o sector destinado aos aposentos e un patio próximo exterior provisto do correspondente pozo para abeberar aos animais de transporte e montura.

3. AUGAS TERMAIS

Unhas xenerosas augas termais brotan impetuosas en medio dos restos dun establecemento termal ou balneario. Trátase de augas minerais con temperaturas de entre 36° e 48°, utilizadas maioritariamente para afeccións do aparello locomotor e respiratorio. Estas termas sitúanse nunha paraxe de indubidable beleza que invita á relaxación.



A igrexa máis antiga de Galicia foi construída polos visigodos no século VII, pode que formando parte dun cenobio ou mosteiro. Foi ademais o primeiro edificio da provincia de Ourense declarado **monumento nacional**, no ano 1921.

Unha grande sensación de misterio envolve esta construción altomedieval. A iluminación natural do seu interior magnifica esa sensación, con xanelas pequenas a diferentes niveis que recrean distintos ambientes, potenciados tamén pola diferenza de alturas entre as naves. Estas, revestidas todas elas de ladrillo, coróanse con bóvedas de canón a excepción do cruceiro, cuberto con bóveda de aresta para sinalar así o centro simbólico da igrexa.

Cobra protagonismo o arco de ferradura que separa o altar, cun pequeno peralte e non tan pechado como os que en épocas posteriores usarán os musulmáns. A decoración da igrexa limítase a un sogueado e aos catro capiteis das columnas que flanquean o altar, dous da época romana e os outros do século IX.

A ábsida conserva pinturas da segunda metade do século XVI, restauradas no ano 2003, nas que se representan escenas relixiosas. Preside a igrexa unha talla de madeira policromada da época barroca que representa a San Torcuato ou San Trocado.

No interior da igrexa consérvase un grande número de vestixios romanos. Tamén un antigo sepulcro de mármore, no que se conta que estivo o corpo de San Torcuato, un dos primeiros discípulos do Apóstolo Santiago, antes de ser trasladado ao mosteiro de Celanova.



Do século XVIII e estilo barroco, o seu exterior é de robusta e sobria arquitectura con aspecto de fortaleza. A construción da casa reitoral ao seu carón reforza esta imaxe. Xunto á igrexa e a casa reitoral atópanse tres carballos incluídos no «**Catálogo de árbores senlleiras de Galicia**». Segundo conta a tradición popular, estes carballos indican o tempo de sementar as patacas (carballo do medio), o millo (carballo norte) e as fabas (carballo sur).



Foi declarado en 1993 para protexer o grande patrimonio natural e cultural da zona e xestionar adecuadamente os seus recursos, especialmente turísticos. En 2009 estableceuse a súa extensión definitiva: 29.345 ha entre os concellos de Entrimo, Lobios, Muíños, Lobeira, Calvos de Randín e Bande.

Actualmente conta con distintivos que avalan os seus extraordinarios valores, entre eles a declaración como **Reserva Mundial da Biosfera** pola Unesco. Ademais constitúe unha parte, xunto co portugués Parque Nacional da Peneda-Gerês, da **Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés**.